

DECRETO NÚMERO 17011467 DO 28/12/2017

Ilma. Sra. **DONA ROSANA RIELO ROZAS**, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Concello e Cidadanía.

Vista a proposta da Xefa de Sección de Participación e Atención ao Cidadán, de data 25 de outubro de 2017, informado por Intervención o día 27 de decembro de 2017 (ref 828/2017), obrante no expediente, na parte expositiva da cal se fai constar o seguinte:

“Examinado o expediente e visto que:

-No artigo 14.2 da Ordenanza Xeral Municipal reguladora da concesión de subvencións do Excmo. Concello de Lugo establécese que “poderán concederse de forma directa as subvencións previstas nominativamente no Orzamento Xeral Municipal, de acordo co procedemento regulado nesta ordenanza”.

-Na base 24 de execución do Orzamento xeral municipal do Concello de Lugo do ano 2017 figura nominativamente a previsión de subvención a SOCIEDAD PROTECTORA DE ANIMALES Y PLANTAS DE LUGO” con cargo á partida 31100.48900.

-A certificación de contabilidade de consignación na aplicación orzamentaria 31100.48900 (RC 003844)

-Do mesmo xeito, no Plan Extratéxico en Materia de Subvencións actualizado ao ano 2017 no seu Capítulo IX adicado ás Subvencións en materia de Participación Cidadá figura a prevision de subvención á **“SOCIEDAD PROTECTORA DE ANIMALES Y PLANTAS DE LUGO” (acollida e coidado dos animais abandonados, campañas de publicidade e colaboración na identificación de cans mediante microchip no termo municipal de Lugo).**

-No capítulo II do Título II da ordenanza regúlase o procedemento de concesión directa de subvencións previstas nominativamente no Orzamento Xeral municipal, que esixe a elaboración e aprobación dun convenio a través do cal se establecerán as condicións, requisitos e compromisos das partes.

-No referente ao órgano competente para a súa resolución correspóndelle á Tenenta de Alcalde delegada da área de Concello e Cidadanía, de conformidade co establecido no Acordo número 4/455, de data 7 de xullo de 2015, relativo a delegación de atribucións da Xunta de Goberno Local.

ATENCIÓN Ó CIDADAN

RRR/rrr

Ref: decreto

Asunto: concesión

Dende esta unidade administrativa, solicitouse da entidade **SOCIEDAD PROTECTORA DE ANIMALES Y PLANTAS DE LUGO** a presentación de toda a documentación precisa para a tramitación do convenio a cal obra no expediente, documentación que se estima completa aos efectos de conceder subvención.

No uso das atribucións conferidas á Alcaldesa no artigo 124 da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, segundo a redacción dada pola Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, e en virtude de delegación da Alcaldía nos tenentes de Alcalde delegados de Área, segundo o seu Decreto número número 16005312, de data 5 de xullo de 2016:

RESOLVO:

PRIMEIRO.-Aprobar a concesión da subvención prevista nominativamente no orzamento polo procedemento de concesión directa mediante convenio a favor da entidade SOCIEDAD PROTECTORA DE ANIMALES Y PLANTAS DE LUGO NIG:G27020460, para o ano 2017, por importe de 60.000 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 31100.48900 (RC 003844).

SEGUNDO.-Aprobar o texto do convenio de colaboración entre o Excmo. Concello de Lugo e a citada entidade, recollido no informe proposta do citado departamento, o cal ten o seguinte teor literal:

“CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O EXCMO. CONCELLO DE LUGO E A “SOCIEDAD PROTECTORA DE ANIMALES Y PLANTAS DE LUGO” PARA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN COA FINALIDADE DE FINANCIAR PARCIALMENTE O “PROXECTO DE ACOLLIDA E COIDADADO DOS ANIMAIS ABANDONADOS, CAMPAÑAS DE PUBLICIDADE E COLABORACIÓN NA IDENTIFICACIÓN DE CANS MEDIANTE MICROCHIP NO TERMO MUNICIPAL DE LUGO PARA O ANO 2017”.

En Lugo, a..... de..... de 2017

REUNIDOS

Dunha banda, Dona Rosana Rielo Rozas, con DNI núm. 76576986, actuando en nome e representación do Concello de Lugo, en virtude da súa condición de Tenenta de Alcalde delegada da Área de Concello e Cidadanía do mesmo.

E doutra banda, dona Virginia Torrecillas Hernández, con DNI núm. 22998875-W, na súa calidade de representante legal da “SOCIEDAD PROTECTORA DE ANIMALES Y PLANTAS DE LUGO”.

Interveñen en función dos seus respectivos cargos e, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas

MANIFESTAN

I.- Que o Concello de Lugo, de acordo co previsto na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na Ordenanza Xeral Municipal reguladora da concesión de subvencións pode conceder de forma directa as subvencións previstas nominativamente no Orzamento Xeral municipal.

II. Que a entidade presenta un proxecto relativo ó “Proxecto de acollida e coidado dos animais abandonados, campañas de publicidade e colaboración na identificación de cans mediante microchip no termo municipal de lugo para o ano 2017” que o Concello considera de marcado interese municipal.

Por todo o exposto, as partes comparecentes, na representación que ostentan,

ACORDAN

Subscribir un convenio de colaboración para a financiación do “Proxecto de acollida e coidado dos animais abandonados, campañas de publicidade e colaboración na identificación de cans mediante microchip no termo municipal de Lugo para o ano 2017” presentado pola entidade “Sociedad Protectora de Animales y Plantas de Lugo”, con suxeción ás seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA.- Obxecto

O presente convenio ten por obxecto a concesión dunha subvención por parte do Concello de Lugo para a financiación do proxecto prestación de “Proxecto de acollida e coidado dos animais abandonados, campañas de publicidade e colaboración na identificación de cans mediante microchip no termo municipal de Lugo para o ano 2017”, por entender que estas actividades complementan as atribuídas ao Concllo na “protección da salubridade pública” (art. 25-2 j da lei 7/1985, de 2 de abril).

SEGUNDA.- Compromisos das partes

ATENCIÓN Ó CIDADAN

RRR/rrr

Ref: decreto

Asunto: concesión

O Concello de Lugo comprométese a:

- Achegar a cantidade de 60.000 Euros para a financiación das actividades obxecto deste convenio.

A entidade Sociedad Protectora de Animales e Plantas de Lugo comprométese a:

- Acollida e coidados de animais abandonados.
- Campañas de publicidade encamiñadas a fomenta-los hábitos sociais de respecto aos animais.
 - Colaboración co Concello no proceso de identificación de cans polo procedementos do microchip.
 - Lucir o logotipo do Concello de Lugo nas actuacións que se desenvolvan ó abeiro deste convenio.
 - Cumprir as obrigas establecidas no artigo 11 da Ordenanza Xeral Municipal de Subvencións.

TERCEIRA.- Crédito presupostario

Para a realización das actuacións sinaladas na cláusula anterior o Concello de Lugo achegará do orzamento municipal para o ano 2017 a cantidade de SESENTA MIL EUROS con cargo á partida orzamentaria 31100.48900 (RC 53683).

CUARTA.- Gastos subvencionables e prazo de realización

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada responden á natureza da actividade subvencionada e, en todo caso, os gastos de funcionamento por operacións correntes, dentro dos fins humanitarios e benéfico-sociais que persegue esta institución, e se realicen dende o día 1 de xaneiro de 2016 e con anterioridade á finalización do período de xustificación.

QUINTA.- Execución do convenio e pagamento da subvención

-Os pagamentos realizaranse trimestralmente ou anualmente, pevia xustificación por parte da asociación dos gastos do programa.

-As actividades obxecto de subvención poderán ser obxecto de subcontratación nos termos establecidos no artigo 29 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

- Non se realizarán pagos a conta nin anticipados.

-A subvención outorgada ó abeiro da presente resolución é **compatible** con outras para o mesmo fin sen que en ningún caso o importe total subvencionado poida superar o custo total da actividade. No caso de existir sobrefinanciación, o beneficiario deberá proceder ó reintegro da contía concedida polo Concello de Lugo na cantidade que exceda do custo da actividade.

- -Esta subvención de Participación Cidadá para a realización da actividade referida impedirá a solicitude de subvención para a mesma fin, a outra dependencia municipal.
- O pagamento da subvención realizarase mediante transferencia bancaria a conta facilitada polo perceptor da subvencion.
- O prazo máximo de pagamento será de trinta días a contar dende a contabilización da resolución pola que se produza o recoñecemento da obriga, agás circunstancias extraordinarias que deberán acreditarse no expediente e que poidan xustificar a ampliación deste prazo.

SEXTA.- Xustificación da subvención

Concedida a subvención, e para proceder ao seu pagamento, as persoas beneficiarias deberán presentar no Rexistro Xeral do Concello de Lugo ou en calquera dos lugares previstos na lei Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo das Administracións Públicas, (BOE,núm. 236, de 02/10/2015), dirixida á Oficina de Participación Cidadá a seguinte documentación acreditativa da realización do antedito programa:

a) Memoria explicativa e detallada da realización da parte proporcional do proxecto, coa expresa mención dos resultados obtidos. Deberá acompañar, no su caso, exemplar de cada un dos folletos, carteis, libros, videos, CD-ROM, etc que se editasen ou publicasen co gallo da actividade subvencionada.

b) Facturas, e demais documentos de valor probatorio de conformidade coas bases de execución do presuposto e R.D. 1496/2003, do 28 de novembro do Ministerio de Economía e Facenda, que se presentarán en documento orixinal, ou fotocopia dilixenciada. Presentarase ademais declaración xurada expresiva de que as mesmas non foron, nin serán presentadas como xustificación de ningunha outra subvención pública ou privada.

As facturas deberán conter un desglose dos artigos subministrados, servizos prestados incluíndo os prezos descompostos. No caso de facturas de máis de 2.500 euros deberán xustificarse a realización da transferencia bancaria.

No caso de recibos a nomes de persoas ou outros documentos de valor probatorio deberán vir acompañados da acreditación documental do perceptor das cantidades e dos servizos ou traballos realizados, igualmente deberán acompañarse de ser posible de actas, publicacións ou similares xustificativas das cantidades satisfeitas e perceptores das mesmas. No caso de que estas cantidades superen os 300 euros deberán xustificar o cumprimento da normativa tributaria.

c) Declaración xurada de que a realización da actividade, proxecto, obxectivo, programa ou a adopción do comportamento se efectuou nos termos establecidos na memoria presentada segundo modelo normalizado.

ATENCIÓN Ó CIDADAN

RRR/rrr

Ref: decreto

Asunto: concesión

d) Declaración de que todos os gastos presentados como xustificación abonáronse efectivamente.

e) Declaración de que os impostos indirectos devengados (IVE) non teñen a condición de recuperabilidade ou compensatoriedade. En caso contrario só poderán admitirse como gastos xustificadas a parte da base impositiva.

Os documentos presentados deberán ser validados e estampillados **nas oficinas municipais de Participación Cidadá**, xestoras do expediente administrativo cun selo existente para ao efecto, no que conste que a factura ou documento se aplica á xustificación da subvención ou convenio concreto, coa indicación da porcentaxe a aplicar ó presente convenio. Os documentos serán orixinais, e se se presentasen fotocopias deberán ser compulsadas pola antedita oficina xestora, de conformidade co que se estableza nas bases de execución do presuposto.

SÉTIMA-Data límite para xustificar.

A data límite para xustificar a totalidade da subvención concedida será a do **30 de decembro** do presente exercicio económico

No caso de que a documentación presentada en prazo teña algún defecto ou sexa incompleta, formularase o correspondente requirimento para que a entidade beneficiaria, no prazo de 10 días hábiles, emende a falta ou acompañe os documentos preceptivos, conforme ao artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo das Administracións Públicas, (BOE,núm. 236, de 02/10/2015) . No caso de que non cumpra o dito requirimento, incoarase expediente de anulación do correspondente compromiso de aprobación da autorización e disposición de gasto e a esixencia de reintegro, de ser o caso.

En caso de que a entidade beneficiaria non presente os documentos xustificativos da realización da actividade subvencionada antes do prazo antes sinalado requiriráselle para que, no prazo improrrogable de 15 días hábiles, presente a dita xustificación conforme o establecido no artigo 70. 3 do Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións sen perxuízo das sancións que correspondan.

A presentación da xustificación neste prazo adicional de quince días non eximirá á entidade beneficiaria da imposición das sancións que correspondan.

Non se realizarán pagos a conta nin anticipados salvo os derivados da xustificación anticipada do gasto.

OITAVA.-Réxime de infraccións e sancións:

1-Constitúen infraccións administrativas en materia de subvencións as accións e omisións tipificadas na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e serán sancionables incluso a título de simple negligencia.

2-As infraccións cometidas en materia das subvencións obxecto desta convocatoria sancionaranse mediante a imposición das sancións previstas na dita Lei 38/2003.

3- O procedemento sancionador axustarase ao previsto no Título IV da dita Lei 38/2003.

4- A **presentación fóra de prazo límite da xustificación, considerarase unha infracción leve**, de conformidade co establecido nos artigos 52 a 69 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións. A ditos efectos, previa tramitación do expediente oportuno, impondrán as seguintes sancións:

O 10% do importe da subvención concedida, ata un máximo de 450 €, no caso de que se presente a xustificación fóra do prazo, con anterioridade a efectuar o requerimento adicional da xustificación.

O 20% do importe da subvención concedida, ata un máximo de 900 €, no caso de que se presente a xustificación no prazo adicional concedido no requerimento a que se refire o artigo 70.3 da Lei Xeral de Subvencións.

NOVENA.- Duración do convenio.

A duración do presente convenio será dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017, sen posibilidade de prórroga. Non obstante, os seus efectos económicos retrotráense ao 1 de xaneiro de 2017.

DÉCIMA.- Modificación do Convenio.

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión desta axuda e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da contía da axuda contemplada no presente convenio.

A suma do conxunto das axudas solicitadas e/ou concedidas para o obxecto do convenio non poderá superar o 100 % do custo da actividade a desenvolver.

DÉCIMO-PRIMEIRA.- Comisión de Seguimento

Constitúese unha comisión mixta de seguimento, control e avaliación á que serán sometidas tódalas cuestións derivadas do desenvolvemento deste convenio, así como a resolución de cantas dúbidas poidan xurdir sobre o mesmo.

ATENCIÓN Ó CIDADAN

RRR/rrr

Ref: decreto

Asunto: concesión

Esta comisión estará composta, en representación do Concello de Lugo, pola Concelleira delegada da área interesada, quen poderá delegar na persoa funcionaria da mesma unidade que estime oportuno, e pola outra parte, polo representante legal ou persoa da entidade na que delegue.

A comisión terá as seguintes funcións:

- 1.- Facer o seguimento e control do cumprimento do convenio.
- 2.- Interpretar e resolver as dúbidas, que se poidan suscitar na aplicación do convenio.

DÉCIMO-SEGUNDA.- Causas de resolución.

Serán causas de resolución deste convenio:

- O incumprimento de calquera das cláusulas establecidas no mesmo.
- A aplicación dos fondos outorgados no convenio para fins distintos dos que motivaron a súa concesión.
- A falta de xustificación do emprego das cantidades recibidas.

DECIMO-TERCEIRA.- Réxime xurídico.

O presente convenio ten carácter administrativo de acordo co disposto no artigo 4 do Real Decreto 2/2000, de 16 de xuño, polo que se aproba a Lei de contratos das administracións públicas e o artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, e demais normativa de aplicación.

As lagoas ou diverxencias que puideran apreciarse na aplicación do presente convenio interpretaranse e resolveranse motivadamente polo Concello de Lugo, previo dictame non vinculante da comisión á que fai referencia a cláusula novena; contra estas resolucións e polo carácter administrativo deste convenio, poderase interpoñer recurso ante a xurisdicción contencioso-administrativa

É todo canto procede informar, e en proa do aquí manifestado, os comparecentes asínano no lugar e data indicados e pro triplicado exemplar.

POLO CONCELO DE LUGO

POLA ENTIDADE BENEFICIARIA”

TERCEIRO.- Aprobar a autorización e disposición do gasto de 60.000 euros, con cargo á aplicación orzamentaria 31100.48900 do vixente orzamento municipal ano 2017 (RC003844) a favor da dita entidade.

Notifíqueselles esta resolución ás partes interesadas coa indicación de que esta pon fin á vía administrativa e que contra ela poden interpoñer os seguintes recursos:

Contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso Administrativo da xurisdición de Lugo, nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto, o cal pon fin á vía administrativa (artigo 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo).

Malia o anterior, e con carácter previo á presente resolución poderá interpoñer:

- Recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Lugo (artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ao da notificación do presente acto.

- Non obstante o anterior e con carácter previo, poderá interpoñer ante Alcaldía o recurso potestativo de reposición previsto no artigo 123 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo das Administracións Públicas, (BOE,núm. 236, de 02/10/2015), no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ao da notificación do presente acto.

No caso de que se interpuxese o recurso de reposición, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se produza a desestimación do devandito recurso de reposición (artigo 123.2 da Lei 39/2015).

Así mesmo, déaselles traslado ás dependencias e ós servicios municipais afectados.

Cúmprase.